

Dous membros do grupo de enlace que a Dirección Xeral de Universidades do Ministerio de Educación y Ciencia constituíu recentemente, acudirán o martes 19 de febreiro a UDC para axudar a aclarar as dúbidas en relación co real decreto polo que se establece a nova ordenación das ensinanzas universitarias oficiais en España.

O Real decreto 1393/2007, de 29 de outubro, establece a nova ordenación das ensinanzas universitarias oficiais en España no contexto do Espazo Europeo de Educación Superior, adoptando unha serie de medidas que flexibilizan a organización dos estudos, cuxos planos terán que crear as propias universidades.

Co obxecto de aclarar todas as dúbidas en relación cos estudos de grao, máster e doutoramento establecidos no devandito real decreto, as persoas enviadas polo ministerio farán en primeiro lugar unha exposición deste para a continuación responder as preguntas que se lles formulen. Realizaranse dúas sesións: a primeira pola mañá na Coruña e a segunda pola tarde en Ferrol.

- Primeira sesión:

Día: martes 19 de febreiro

Lugar: Paraninfo da Reitoría

Hora: 11.00 h.

- Segunda sesión:

Día: martes 19 de febreiro

Lugar: Salón de Actos do Campus de Esteiro

Hora: 17.30 h.

Debido ao interese da xornada, solicítolle que lle dea a máxima difusión a esta información.

A Coruña, 11 de febreiro de 2008

Ana Dorotea Tarrío Tobar

Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións